



EDUARDO PONDAL:  
POESÍA E PATRIA

Con Rosalía de Castro e Manuel Curros Enríquez, Eduardo Pondal Abente (1835–1917)<sup>1</sup> forma parte da tríade basilar do rexurdimento galego decimonónico na súa vertente literaria. Pondal naceu o 6 de febreiro de 1835 na Ponteceso, na comarca coruñesa de Bergantiños, un mundo que ficou literariamente transfigurado a partir da súa obra:

“O bergantiñán ara a terra, sega o pan, derruba o piñeiro, caza a perdiz, leva anteposto o carro de táboas ou trinca a escota á vista da praia, iñorante de que pra todo galego culto os traballos e os días da súa vida, os traballos e os días do bergantiñán, locen orballados de gracia poética, por obra e gracia dun poeta daquela terra; de xeito que decimos Bergantiños, e inmediatamente coidamos en Pondal” (Carballo Calero 1975: 237).

Esta xeografía bergantiñá (as comarcas de Bergantiños, Xallas e Soneira), constituirá —a través da constante evocación dos “eidos nativos” e da súa toponimia— o marco natural e simbólico para a maior parte da produción do poeta:

<sup>1</sup> As referencias e citas da obra de Eduardo Pondal serán feitas a partir da edición da súa *Poesía Galega Completa* por Manuel Ferreiro en Edicións Sotelo Blanco (Santiago de Compostela), coas siglas *QP* (= *Queixumes dos pinos*), *PI* (= Poemas Impresos), *PM* (= Poemas Manuscritos) e *PA* (= Poemas Apógrafos), *E* (= *Os Eoas*) (Vid. Pondal 1995, 2001, 2002, 2005).



ЭДУАРДО ПОНДАЛЬ:  
ПОЭЗИЯ И РОДИНА

Наряду с Росалией де Кастро и Мануэлем Курросом Энрикесом, Эдуардо Пондаль Абенте (1835–1917)<sup>1</sup> входит в основополагающую триаду литературной составляющей галисийского возрождения девятнадцатого века. Пондаль родился 6 февраля 1835 года в селении Понтесесо округа Бергантиньос области Ла Корунья, в местах, получивших широкую известность благодаря его творчеству:

«Бергантиньянец пашет землю, жнет жито, рубит сосну, охотится на куропаток, катит тачку или натягивает шкот в виду берега, не ведая, что для всякого культурного галисийца его труды и дни, труды и дни бергантиньянца, сверкают, омывает поэтической росой, благодаря творчеству и милости поэта этих краев; мы говорим Бергантиньос и сразу же думаем о Пондале» (Carballo Calero 1975, 237).

География этих мест (округа Бергантиньос, Шальяс и Сонеира) составляет, в силу постоянного обращения поэта к «родимому краю», природный и символический фон его творчества.

<sup>1</sup> Ссылки и цитаты из произведений Эдуардо Пондала приводятся по изданию его *Полного собрания галисийских стихов*, подготовленного Мануэлем Феррейро и опубликованного издательством Сотело Blanco, Сантьяго де Компостела (Sotelo Blanco, Santiago de Compostela); используются следующие условные сокращения: *QP* (= *Queixumes dos Pinos*), *PI* (= Poemas Impresos), *PM* (= Poemas Manuscritos), *PA* (= Poemas Apógrafos), *E* (= *Os Eoas*) (vid. Pondal 1995, 2001, 2002, 2005)

Перевод включенных в статью стихотворных цитат выполнен В. Андреевым.

Eu nacín en agreste soedade,  
 eu nacín cabo dun agreste outeiro,  
 p'ronde o Anllóns, con nobre maxestade,  
 camiña ó seu destino derradeiro.  
 Eu non nacín en vila nin cidade,  
 mas lonxe do seu ruído lisonxeiro:  
*eu nacín cabo de pinal espeso,*  
*eu nacín na pequena Ponte-Ceso.* [PI 18, vv. 1–8]

Antes do seu ingreso na Universidade compostelá, tivo acceso á preceptiva formación inicial, especialmente relevante no que se refire ao estudo de gramática latina na reitoral de Vilela de Nemiña, cuxas lembranzas aparecen en numerosas composicións de ton biográfico, onde evoca un camiño (real) entre dolmens e castros (como, por exemplo, no poema *O dolmen de Dombate* [PI 13]) e a súa primeira etapa vital, ás veces con alusións ao nome e personalidade dos seus compañeiros de infancia e de estudos (vid. QP 26).

Eduardo Pondal marcha a Santiago de Compostela en 1848 para continuar os estudos de Bacharelato, licenciándose en Medicina na Universidade galega (entre 1854 e 1860), ao tempo que participa activamente durante estes anos na vida político-cultural compostelá, incorporado ao primeiro movemento galeguista, a carón de personaxes decisivas da época, como Antolín Faraldo, Manuel Murguía, Rosalía ou Aurelio Aguirre. Practicamente non exerceu a súa profesión, a excepción dun par de meses en 1863 como médico militar nunha fábrica de armas: a súa condición de fidalgo e a situación económica familiar permitiron que se convertese nunha especie de poeta 'profesional', dedicándose integramente á creación poética. Rematados, pois, os seus estudos e a súa breve incursión en actividades profesionais, o resto da súa vida transcorreu arredor do eixe Ponteceso-Coruña, cidade onde pasou longos períodos e onde finou o 8 de marzo de 1917, despois dunha existencia dedicada á creación dunha obra poética centrada na defensa de Galiza, da súa cultura e da súa lingua. Eis o seu autorretrato poético de 1909:

Я родился в краю глухом, пустынном,  
 я родился недалеко от гор,  
 там, где Аньонс неспешно по равнинам  
 течет, чтоб встретить смерть — морской простор.  
 Я родился не в городе старинном,  
 а там, где песнь поет сосновый бор.  
*Люблю не шум людской, а голос леса —*  
*я родился в селенье Понте-Сесо.* [PI 18, vv. 1–8]

Do postulemento en universitet Сантьяго-де-Компостела, Пондаль получил хорошую учебную подготовку, особенно по латинской грамматике, которую он изучал под руководством приходского священника из Вилела де Неминья. Поэт вспоминает об этом времени своей жизни во многих произведениях автобиографического плана, где он говорит также и о пути (совершенно реальном), из Понтесесо в Неминью, пролегавшем среди дольменов и древних крепостей (например, в стихотворении «Дольмен из Домбате» [PI 13]), вспоминает он и о своих друзьях детства и соучениках, иногда называя их имена (QP 26).

В 1848 году Эдуардо Пондаль приехал в Сантьяго-де-Компостела, чтобы получить степень бакалавра и закончить медицинский факультет университета (1854–1860). В то же время он принимает активное участие в культурной и политической жизни галисийской столицы, примыкает к только что возникшему гальегистскому движению, сотрудничает с такими видными деятелями той эпохи, как Антолин Фаральдо, Мануэль Мургия, Росалия, Аурелио Агирре. Пондаль практически не занимался полученной в университете профессией, проработав лишь несколько месяцев в качестве военного врача на оружейной фабрике: положение фидальго и хорошее материальное положение семьи дали ему возможность стать «профессиональным» поэтом, посвятив себя исключительно литературному творчеству. Получив медицинское образование, он не задержался на данном поприще. Пондаль провел всю свою последующую жизнь, курсируя между Понтесесо и Ла Коруньей, городом, где он подолгу жил и где 8 марта 1917 года закончил свой земной путь, посвященный созданию поэзии, нацеленной на защи-

Astroso, melancólico..., e deixando  
ver os rudos sinais do combate  
no grande corpo céltico, e mirando  
con un vago mirar, feito un orate,  
certo, este é Pondal..., de quen notorio  
xuício soe haber contradictorio. [PI 62]

Malia todo, Pondal non permaneceu illado no seu *beatus ille* particular, pois mantivo unha constante actuación cívica xa desde a súa primeira mocidade, con participación protagónica no banquete de confraternidade entre estudantes e obreiros, celebrado en Conxo (Santiago de Compostela), en marzo de 1856, onde, xunto con Aurelio Aguirre, poeta falecido prematuramente en 1858, pronunciou un ardido discurso radicalmente democrático que estivo a piques de provocar o seu desterro. Para alén destas intervencións xuvenís, como un dos referentes literarios fundamentais na Galiza do seu tempo, sobre todo despois da desaparición de Rosalía (1885), interveu poeticamente a través do canto de efemérides nacionalistas (especialmente dos Mártires de Carral, con catro poemas), colaborando decote en actos cívicos de homenaxe a figuras de recoñecida traxectoria democrática e/ou nacionalista, ademais de formar parte do Grupo Rexionalista e da chamada “Cova Céltica”, na trastenda da librería que o intelectual e literato Carré Aldao tiña na cidade coruñesa.

Pondal posuía unha ampla formación lingüística (grego e latín, portugués, francés, italiano e inglés) e mais un profundo coñecemento da literatura clásica greco-latina, da literatura galego-portuguesa medieval (é autor do primeiro poema neotrobadoresco galego, por volta de 1905) e de autores como Camões, Shakespeare, Milton, Byron, Dante, Ariosto, Tasso, Leopardi, Chateaubriand., ademais da fundamental lectura da tradución francesa da obra de James Macpherson, que recollía os cantos de Ossian, suposto bardo gaélico do século III.

Comezou moi novo no mundo das letras publicando poemas en castelán; mais a escrita en galego xorde xa en 1857, cunhas oitavas reais do poema épico *Os Eoas*, e, en 1858, coa primeira

tu Galisias, ee культуры и ee языка. Вот его стихотворный портрет, относящийся к 1909 году:

Несчастный, грустный... со следами  
от ран, полученных в боях  
давнишних с кельтскими врагами,  
с безумным пламенем в очах, —  
таков Пондаль... хоть, без сомнения,  
вы все о нем иного мнения. [PI 62]

Однако Пондаль не замыкался в своем *beatus ille*<sup>2</sup>, с самой ранней юности предпочитая благословенному одиночеству активную общественную деятельность; на знаменитом дружеском банкете студентов и рабочих, организованном в Коншо (Сантьяго-де-Компостела) в марте 1856 года, он, как и безвременно ушедший из жизни в 1858 году поэт Ауриелио Агирре, сыграл одну из главных ролей, произнеся пламенную радикально демократическую речь, за которую чуть не поплатился изгнанием. Помимо участия в подобных юношеских акциях Пондаль, став, особенно после кончины Росалии (1885), одной из центральных фигур в литературе Галисии того времени, откликнулся на все терпевшие тогда неудачу выступления националистов (особенно Мучеников Карраля, которым он посвятил четыре стихотворения), активно поддерживал все мероприятия, проводимые в честь известных деятелей демократического или националистического толка, входил в Регионалистскую группу, был завсегдаем так называемой «Кельтской пещерь», располагавшейся в кулуарах книжной лавки, принадлежавшей интеллектуалу и литератору Каррэ Алдао, в городе Ла Корунья.

Пондаль владел многими иностранными языками (греческий, латинский, португальский, французский, английский), обладал глубокими познаниями в области классической греко-латинской литературы, а также средневековой галисийско-португальской поэзии (около 1905 года он создал первое галисийское неотрубатурское стихотворение), хорошо знал творчество Камюэнса, Шекспира, Мильтона, Байрона, Данте, Ariosto, Тассо, Леопарди, Шатобриана., досконально изучил, в переводе на француз-

<sup>2</sup> *Beatus ille [qui procul negotiis]* — блажен тот [кто вдали от дел] (лат.)

versión d'*A campana de Anllóns* (despois incluído na súa grande obra, *Queixumes dos pinos*), consolidando progresivamente a utilización literaria do galego, até se converter nun autor monolingüe na lingua da Galiza a partir de 1885, ano da morte de Rosalía de Castro. Deste xeito, Pondal comeza a estar presente na escena literaria coa publicación de composicións poéticas en revistas e xornais, á vez que van aparecendo breves folletos e opúsculos que colocan o seu nome no parnaso literario galego. Antes de 1886, ano en que publica *Queixumes dos pinos*, edita un opúsculo en 1866 co xa coñecido poema *A campana d'Anllóns*, aparece *A Fada dos montes* en 1872 e, sobre todo, ve a luz *Rumores de los pinos* en 1877, obra de maior entidade (bilingüe, mais xa con predominio do galego). Case inmediatamente despois da aparición doutro breve folleto (*Gandreiras*, 1885), Eduardo Pondal publica en 1886 os seus *Queixumes*, onde reúne e reelabora toda a súa produción poética anterior<sup>2</sup>, ao tempo que incorporaba novos poemas, dotando de unidade ao conxunto —como nos *Cantares Gallegos* rosalianos— por medio da composición inicial e última (*Polo baixo cantando* [QP 1] vs. *Polo alto cantando* [QP 90]). Así, ficou como derradeiro e conclusivo poema *Da ruda pendente*, cuxo verso central enuncia a chave do pensamento da lírica pondaliana: os “pasados, futuros destinos” do pobo galego:

Cal recios acentos  
d'escura síbila,  
de pasados, futuros destinos  
a alma adiviña [QP 91, vv. 9–12]

Após este ano de 1886, tan só publicou en 1895 os folletos *O dolmen de Dombate* e a versión amplificada d'*A campana d'Anllóns*. Porén, continuou sen descanso a súa actividade creativa dando a coñecer, aos poucos, novos poemas, á vez que consagraba parte

<sup>2</sup> Ás veces con profundas modificacións estilísticas en parte dos seus textos, ao tempo que incorpora poemas inicialmente escritos en castelán por medio de creativas versións galegas.

кий язык, произведения Джеймса Макферсона, якобы собравшего песни Оссиана, гаэльского барда III в н. э.

Он очень рано вступил в мир литературы, но его первыми публикациями были стихи на испанском языке; однако уже в 1857 году Пондаль создает на галисийском языке несколько октав для своей эпической поэмы *Эюиды*, а в 1858-м — первую версию стихотворения *Колокол из Анльонса* (включенного впоследствии в его великую книгу *Стоны сосен*), он все более последовательно использует галисийский в качестве литературного языка, а начиная с 1885 года, после смерти Росалии де Кастро, пишет стихи уже только по-галисийски. Пондаль все чаще появляется на литературной сцене, публикуя свои поэтические произведения в газетах и журналах, иногда в печати появляются также написанные им брошюры и статьи, что способствует утверждению его имени на галисийском литературном Парнасе. Еще до издания в 1886 году поэтической книги *Стоны сосен*, Пондаль выпустил в 1866 году отдельной брошюрой уже упомянутое стихотворение *Колокол из Анльонса*, в 1872 году появилась его *Горная фея*, а в 1877 — представительный сборник *Шумы сосен* (двуязычный, но с преобладанием галисийских стихотворений). Почти сразу после появления еще одной небольшой брошюры (*Селянки*, 1885) Эдуардо Пондаль опубликовал в 1886 году *Стоны*, включив в этот сборник не только все свое предыдущее поэтическое творчество<sup>3</sup>, подвергнувшееся частичной переработке, но и несколько новых стихотворений. Стремясь придать, как это сделала Росалия де Кастро в своих *Галисийских песнях*, цельный и законченный вид всей книге, поэт открыл сборник стихотворением *Тихая песня* [QP II], а завершил стихотворением *Громкая песня* [QP 90]. Итоговым же стало стихотворение *С крутого склона*, центральная строфа которого выражает ключевую мысль всей пондалианской лирики: «прошлые и грядущие судьбы» галисийского народа:

<sup>3</sup> Иногда вносил в тексты существенную стилистическую правку, а также включая в сборник, творчески переработав их, стихи, первоначально сочиненные на испанском языке.

do seu tempo á elaboración da súa grande obra épica, *Os Eoas*, cuxo dactiloscrito, preparado para a publicación, ficou inédito, así como numerosas composicións líricas que o poeta preparaba para unha triloxía lírica (*Dos Eidos, Dos Servos, Do Íntimo*), textos que só recentemente foron editados.

A partir da literatura macphersoniana, a poesía de Pondal recrea unha mitoloxía galega moi influída polos heroes de Ossian e do irlandés *Leabhar Ghabhala (Libro das Invasións)*: a ausencia dunha mitoloxía (proto)histórica galega foi resolvida a través da reconversión dos topónimos da súa xeografía natal en antropónimos, transformados en personaxes lendarias (Gundar, Rentar, Bandomil etc.) por medio dun singular mecanismo: cada topónimo indicaría o nome da personaxe enterrada no lugar, como sucede, por exemplo, con Maroñas, a virxe celta morta en combate cos romanos:

Desde entonces, ouh Maroñas!,  
de Xallas probe lugar,  
tomache o nome garrido  
da valente sin rival,  
pois no teu escuro eido  
Maroñas descansa en paz. [QP 41, vv. 104–108]

Así pois, Pondal fala do pasado, reconstruído miticamente, e, sobre todo, do futuro da nación galega, desenvolvendo unha liña de fondo patriotismo na nosa literatura. Como nas antigas sagas célticas, Pondal vese a si mesmo como o Bardo, como un guía do pobo galego: de aí que non se dedique só a recrear poeticamente o pasado mítico e glorioso dos celtas (galegos) en épico combate cos romanos (casteláns), acorde coas teorizacións históricas do seu compañeiro e amigo Manuel Murguía, que baseaba o carácter nacional de Galiza na posesión dunha historia diferenciada e no seu carácter celta. O propósito explícito de redención móstrase a través destas composicións bárdicas, que van alén dunha manifestación narcisista do autor: ao longo da súa poesía lírica, achamos múltiples escenas en que este constitúe a figura fundamental –dentro da polifonía presente na lírica pondaliana–, nun

Словно внимая гласу  
сивиллы, таящейся где-то,  
о прошлых и будущих судьбах  
вещает душа поэта. [QP 91 vv. 9–12]

После 1886 года наступает почти десятилетие молчания. Лишь в 1895 году поэт издает брошюру *Дольмен из Домбате* и дополненную версию *Колокола из Анльонса*. Однако Пондаль никогда не прекращал неустанной творческой деятельности, создавая новые стихи и работая над эпической поэмой *Эюды*. Подготовленная к печати рукопись поэмы осталась неизданной, как и многочисленные стихотворения, которые поэт предполагал включить в лирическую трилогию (*О родимых местах, О рабах, О заветном*), все эти тексты были опубликованы лишь недавно.

Отталкиваясь от произведений Макферсона, Пондаль, вдохновленный героями Оссиана и ирландской *Книгой Завоеваний (Leabhar Ghabhala)*, воссоздает в своем поэтическом творчестве галисийскую мифологию: отсутствие галисийской (до)исторической мифологии компенсировалось преобразованием географических названий родного края в имена легендарных героев (Гундар, Рентар, Бромомиль и пр.) путем следующей операции: по мысли автора, данные географические названия произошли, якобы, от имен погребенных в соответствующих местах героев, как это случилось, например, с кельтской девой Мароньяс, погибшей в сражении с римлянами:

О, Мароньяс!, деревенька  
в Шальясе, тебе давно  
несравненной, храброй девы  
имя славное дано —  
обрести покой свой вечный  
здесь ей было суждено. [QP 41, vv. 104–108]

Пондаль говорит о мистически реконструированном прошлом, думая главным образом о будущем галисийской нации, открывая в нашей литературе глубоко патриотическое направление. Как это имеет место в древних кельтских сагах, Пондаль считает себя Бардом и вождем галисийского народа: он не только поэтически воссоздает славное мифическое прошлое кельтов

desfile de secuencias que van do bardo adolescente aos momentos finais do cantor, sempre identificado, explícita ou implicitamente co propio poeta na súa función profética e redentora como bardo do pobo galego:

Cando no escarpado cabo  
sae a fror da caramiña  
ó cazador anunciando  
a leda estación garrida,  
cando da doce Suecia  
ás doces praias amigas,  
en novelo xentil axuntadas,  
chegan as lixeiras píllaras,  
entonces do bardo o espírito,  
que soña antr'as uces irtas,  
no formoso instrumento apoiado,  
en donde o vento suspira,  
mentres os fillos dos celtas  
cumpren serva e innobre vida,  
entonces o espírito invade do bardo  
escura melancolía. [QP 35]

Mais a poesía pondaliana non se limita á evocación melancólica de escenas pasadas, arqueolóxicas, ou á queixa pola “punxente servidume da patria”. A súa poesía é tamén unha proposta de redención nacional, “rexional” na terminoloxía da época, tal como o propio poeta deixou claro en diversas anotacións persoais. De conviccións iberistas, Pondal poetiza a misión histórica de Galiza no concerto dos pobos da Península Ibérica:

Non cantes tan tristemente,  
probe e desolada nai;  
non lle cantes cantos brandos  
p'r'adormecer o rapaz,  
ond'está a cova do sono  
no céltico carballal.  
Cántalle cantos ousados,  
qu'esforzado o peito fan;

(галисийцев) в их борьбе с римлянами (кастильцами), но и, в соответствии с историческими теориями своего друга и соратника Мануэля Мургии, стремится объяснить особенности галисийского национального характера самобытностью и кельтским духом галисийской истории. Во всех бардовских песнях Пондаля явно выражен мотив искупления; самолюбование, нарциссизм отнюдь не являются его главной целью: в полифоническом звучании пондалианской лирики мы находим самые разные образы, начиная от юного барда и кончая состарившимся певцом, доживающим свои последние дни, но все эти образы, эксплицитно или имплицитно, всегда отождествляются с самим поэтом, с его пророческой и искупительной миссией барда Галисии:

Когда роза красная снова  
на берегу расцветает, —  
тем самым она о начале  
охоты людей извещает, —  
когда из Свевии славной  
к берегу родины милой  
изящною, стройною стайкой  
птицы летят легкокрыло,  
тогда душа барда, что грезит  
среди зарослей жесткого дрока,  
на арфу свою опираясь,  
вздыхает, как ветер, глубоко, —  
ведь дети прославленных кельтов  
жизнь рабскую ныне избрали,  
и барда душа неизменно  
полна неизбывной печали. [QP 35]

Пондалианская поэзия не ограничивается меланхолическим обращением к давним археологическим эпохам или сетованиями по поводу «оскорбительного рабства родины». В его поэзии содержится призыв к национальному, или, как тогда говорили, «региональному» возрождению, сам поэт явно выразил это в своих заметках. Будучи убежденным иберистом, Пондаль поэтизировал историческую миссию Галисии среди народов Пиренейского полуострова.

cántalle o que xa cantara  
o nobre bardo Gundar:  
«A luz virá para a caduca Iberia  
dos fillos de Breogán...» [QP 67]

A “raza de Breogán”, o pobo galego, a “estirpe xenerosa” asentada no “céltico chan” está chamada a reconstruír a unidade peninsular con Portugal (“os fillos do Luso”), pola antiga historia común e pola lingua compartida, idea presente en numerosos poemas pondalianos e que se manifesta, unha vez máis, no poema central de *Queixumes*:

tal ti, nobre e comprida,  
boa raza lanzal,  
nos días da futura,  
boa idade, serás  
atamento garrido,  
forte noo sin rival,  
ponte de ledos arcos  
qu' é doce contemprar,  
e os bos fillos do Luso  
e os fortes irmáns,  
nun só noo, fortemente,  
os dous constrinxirás.

Tal é a somellanza sonora  
do garrido falar! [QP 45, vv. 85–98]

Tal como Pondal formula a misión política galega neste poema, Galiza liderará a unidade latino-americana para formar unha gran confederación ibero-americana a través das comunidades emigrantes que abandonaran o “nativo clan” para se instalaren en América (“Colombia”).

A liña de poesía política e patriótica verase aínda reforzada con frecuentes referencias e diferentes poemas compostos sobre diversos procesos de liberación nacional que se estaban a producir en Europa, observados atentamente polo poeta. Nos seus textos podemos rastrexar a aparición de heroes nacionais irlandeses (O'Connell, Parnell) ou gregos (Marco Botzaris), alusións ás loitas

Не пой столь печально и нежно,  
мать, баюкая сына, —  
в пещере былых сновидений,  
в кельтской дубраве старинной,  
не пой ему сладостных песен,  
чтоб сам он потом не запел их,  
а спой величавую песню  
о подвигах воинов смелых,  
пусть славные песни Гундара  
звучат для него непрестанно:

*в Иберию дряхлую свет принесут  
сыны Бреогана.* [QP 67]

«Сыны Бреогана», галисийский народ, «благородное племя», укорененное на «кельтской земле», призваны восстановить на Пиренейском полуострове единство с Португалией («сыном Луза»), основываясь на общности истории и языка: эта идея, присутствующая во многих пондалианских стихах, выражена также и в центральном стихотворении «Стонов»:

Наша прекрасная раса,  
гордая искони,  
соединить ты сумеешь  
народы в новые дни,  
ты станешь узлом надежным,  
высоким дивным мостом, —  
ему не найдется равных  
в сообществе нашем людском;  
Луза сыны и испанцы  
едины будут во всем.  
Два берега океанских  
да возгордятся тобой;  
стать миру узлом надежным  
тебе суждено судьбой! [QP 45, vv. 85–89]

По мысли Пондала, политическая миссия Галисии заключается в том, чтобы возглавить лагиноамериканское единство и образовать великую иберо-американскую конфедерацию, опираясь на сообщества эмигрантов, вынужденных покинуть «родное племя» и переселиться в Америку («Колумбия»).

Политическая и патриотическая линия поэзии Пондала усиливалась его высказываниями и стихами, посвященными разво-

lideradas por Serbia contra o dominio turco, ou poemas enteiros dedicados, por exemplo, á loita pola independencia de Polonia (vid. *Desperta Polska*, PM 76) ou ao proceso de renacemento catalán, simbolizado coa cita dun verso do seu himno nacional (*Bon cop de falç!*, PM 21). E tamén neste contexto de defensa de Galiza, en liña cos diversos movementos europeos nacionalistas, poden ser situados aqueles poemas en que a crítica á opresión española, como responsable da servidume histórica da patria galega, se concreta en varias composicións que non evitan duros cualificativos a Castela, como símbolo de España, que é considerada como “a gran prostituta / d’España no centro”, con significación semellante á dalgúns poemas de Rosalía de Castro. Tamén da súa vea reivindicativa nace o texto que se consolidou historicamente (desde 1907) como himno nacional galego, as catro primeiras estrofas do poema *Os pinos*, onde se fai unha chamada á memoria histórica e á defensa da “nazón de Breogán”, enlazando de novo co celtismo a través da figura de Breogán, o mítico fundador da nación galega.

Mais a súa lírica non se limita ao celtismo: incorpora e desenvolve moitos outros motivos fundamentais, entre os que se debe salientar a importante presenza de elementos tirados do mundo clásico helénico (a épica da morte digna en combate, a ética espartana ou a arenga de ton militar) a través da lira de Tirteo (“Mirá miña armadura relucente, /.../ digna da nobre lira de Tyrtheo”) en convivencia coa harpa céltica do bardo (Pondal), guía e vangarda do seu pobo no proceso de liberación da “nazón de Breogán”:

Envolto en duro ferro  
sobr’as feras curotas,  
feo asilo dos corvos,  
das esquivas Thermópulas,  
caera con estrépito  
o valente Leónidas,  
como soe alto pino  
ó sopro audaz do sibilante Bóreas.

рачивавшимся тогда в Европе национально-освободительными движениям, за которыми поэт внимательно следил. В его творчестве появляются имена национальных героев Ирландии (О’Коннел, Парнелл), Греции (Маркос Боцарис), упоминается о борьбе сербов против турецкого владычества, поэт посвятил отдельное стихотворение борьбе за независимость Польши (*Desperta Polska*<sup>4</sup>, PM 76) и символически откликнулся на процесс возрождения Каталонии строкой из ее национального гимна (*Bon cop de falç!*<sup>5</sup>, PM, 21). Идея защиты Галисии поддерживается не только произведениями, где речь идет о европейских освободительных движениях того времени, но и теми стихами, в которых поэт критикует Испанию, виновную в угнетении, приведшем к историческому рабству его галисийской родины; нередко Пондал, как и Росалия де Кастро, беспощадно бичует Кастилию, считая ее всеобщим испанским символом и называя «большой проституткой в центре Испании» (PM, 76). Боевая позиция Пондала породила также текст, который стал восприниматься (с 1907 года) как национальный гимн Галисии — четыре первые строфы стихотворения *Сосны*, содержащие призыв обратиться к исторической памяти во имя защиты «нации Бреогана»; кельтская идея вновь воплотилась здесь в образе Бреогана, мифического родоначальника галисийской нации.

Однако пондалианская лирика не ограничивается кельтской идеей, она включает и развивает также другие, не менее важные темы, среди которых следует отметить впечатляющую роль элементов, заимствованных из классического античного мира (эпический мотив достойной смерти в бою, спартанская этика, речь перед войнами); лира Тиртея («Взгляните на мои сверкающие доспехи /.../ достойные благородной лиры Тиртея») звучит здесь в унисон с арфой кельтского барда (Пондала), ведущего и вдохновляющего свой народ в борьбе за свободу «нации Бреогана»:

В сражении кровавом  
царь Спарты Леонид

<sup>4</sup> Проснись, Польша (галис.)

<sup>5</sup> Хороший удар серпом (кат.)



E quente e negro sangue escurecera  
a garrida panoplia,  
e deixou, cal cometa,  
longo rastro de gloria.

Oh! Cada vez que penso  
qu'esta envoltura odiosa  
caerá no combate  
exenta de memoria,  
estonces certo sinto,  
como unha nube fosca,  
de súbito cubrir o esp'rito ousado  
unha escura vergonza! [PI 6]

No complexo mundo poético pondaliano existe, porén, unha liña poética problemática, cal é a que xira arredor do amor. É certo que se pode detectar unha certa misoxinia naqueles poemas que son debedores dunha práctica social pretérita (“Pilleina antr'os pinos soa, / alba de medo tornou”) e dunha ideoloxía sexista que se teoriza, ás veces descarnadamente, nalgúns textos:

Non solta nunca o raposo  
a galiña que pillou,  
astra zugarlle o mel todo  
non solta a fror o abellón,  
nin a branca e doce pomba  
larga o montesío azor. [QP 47, vv. 13–18]

Mais tamén, a carón deses poemas, existen outros textos con figuras femininas connotadas positivamente (en especial as virxes guerreiras celtas) ou composicións en que a delicadeza expresiva do sentimento amoroso está presente:

Agora, meu corazón,  
agora pola noite,  
pola miñanciña non.

Ninguén nos pode estorbar.,  
é ben soparada e soa  
esta gandra de Gundar. [QP 40]

у Фермопил суровых  
был персами убит.  
Отважный, благородный,  
на поле брани пал, —  
так наземь повергает  
сосну среди долины ветров холодных шквал.  
Он встретил смерть без страха, и по его доспехам  
кровь жаркая текла  
и на вершину славы  
героя вознесла.  
Когда я вспоминаю  
о тех, кто пал в бою,  
и думаю: а смог бы  
я жизнь отдать свою? —  
то жгучий стыд волною  
дух накрывает мой,  
и становлюсь я мрачным, — так небосвод темнеет  
от тучи грозовой. [PI 6]

В сложном мире пондалианской поэзии существует также некая весьма проблематичная линия, касающаяся любви. В некоторых стихах, содержащих отголоски устаревших общественных отношений, можно встретить намеки на жестокое обращение с женщиной («Я застал ее одну среди сосен/ она побелела от страха»), иногда эта позиция выражена с бесстыдной прямотой:

Лис курицу-хохлатку  
поймает и сожрет,  
шмель из цветущей розы  
высосет весь мед,  
и белую голубку  
ястреб заклюет. [QP 47, vv. 13–18]

Однако наряду с подобными стихотворениями существуют поэтические тексты, содержащие положительную трактовку женского образа (особенно это касается кельтских дев-воительниц), а также стихи, в которых любовное чувство представлено достаточно деликатно:

Сердце мое, сейчас,  
да, сейчас, вечером,  
а не в утренний час.

É certo que esa parte (mínima) da produción pondaliana é susceptible de ser considerada como unha mostra de misoxinia violenta, en que a muller aparece considerada como presa natural do home por medio dunha especie de tratamento militar da relación amorosa, que xa foi percibida pola primeirísima crítica da obra pondaliana, debida a Emilia Pardo Bazán, que no seu momento falaba de “primitivismo”, mais que unha parte da crítica actual xulga moi severamente —sen dúbida condicionada por unha época, a actual— moi posterior ao momento e ao ambiente que rodeaba estes textos, sen dúbida en liña con producións literarias doutros autores contemporáneos.

En conxunto, a produción lírica pondaliana constitúe un monumento literario que superou o mito celtista inicial revelándose como unha construción complexa, onde tampouco faltan poemas bucólicos, elexíacos, políticos..., coa constante presenza de elementos biográficos, máis alá do canto dos lugares nativos (moitas veces ligados á angustia polo paso do tempo), de tal forma que as súas obsesións e fondos desequilibrios persoais acharon tamén acomodo literario, sobre todo na súa derradeira etapa vital, cando se manifesta a obsesión polo futuro da súa obra, paranoicamente angustiada polo roubo dos manuscritos dos cantos patrios:

Na miña cámara entraran  
con sixelosa perfidia,  
seus alentos conteniendo  
por temor de que os sentiran.  
Os feitos eran da patria,  
que nobre respeto inspiran;  
as glorías eran da patria,  
a qu'un amor grande obriga;  
os cantos eran da patria,  
entusiasmo os escribira...,  
e procurando suplantar meu nome,  
de oprobio e de baldón o seu cubriran. [PA 21]

Никто не увидит нас...  
Долина Гундара сокрыта  
от посторонних глаз. [QP 40]

Существует соблазн рассматривать данную (крайне немногочисленную) часть пондалианской поэзии как доказательство его грубого отношения к женщине, воспринимаемой в качестве естественной добычи мужчины, когда любовь приравнивается к военным действиям; на это обратила внимание еще Эмилия Пардо Басан в своем тончайшем анализе пондалианского творчества, употребив обозначение «примитивность»; некоторые современные критики склонны сурово осуждать такое отношение, но они оценивают его с позиций современной эпохи, весьма далекой от той, в которую создавались указанные тексты, не составлявшие разительного контраста с творениями других тогдашних авторов.

В целом, пондалианское лирическое наследие представляет собой литературный памятник, вышедший за рамки изначального кельтского мифа и ставший сложным построением, в котором нашлось место стихам и буколического, и элегического, и политического плана... В его произведениях постоянно присутствует также биографический элемент, проявившийся не только в воспевании родной природы, изнурявшие поэта навязчивые состояния и глубокий разлад с самим собой тоже получили литературное выражение, особенно на завершающем этапе его жизни, когда Пондаль испытывал мучительную тревогу за будущую судьбу своих творений и безумно страдал, лишившись рукописей созданных им патриотических песен:

В комнату мою ночью  
они проникли тайком,  
сдерживая дыханье,  
боясь разбудить весь дом.  
Песни пелись отчизне,  
писало их вдохновенье,  
деянья отчизны восславить —  
таким мое было стремленье;  
и эти песни похитить  
посмели подлые воры.

En suma, cabe interpretar o sentido último da semántica ou gramática poética pondaliana como debedor dunha énfase ou hipérbole dos elementos galaicos non contaminados, non deturpados por unha historia adversa e, por isto, non intercambiables ou non conmutables por outra cultura invasiva. Así, esta arquitectura lírico-épica repousa en tres eixes temporais. En primeiro lugar, o **pasado** heroico, acompañado dos valores da raza, a exaltación da paisaxe-natureza como representación simbólica do indestrutible, a grandeza monumental do megalitismo galego, os heroes fundacionais da nación. A crise do **presente**, concretada na situación decaída da lingua, na opresión política e, como secuelas, na submisión ou no desleixo dos compatriotas. Finalmente, a ensoñación dun **futuro** que ha retornar circularmente a aquel pasado histórico e reavivar as glorias pretéritas que son aval certo da redención necesaria.

Para alén da produción lírica, Eduardo Pondal é tamén autor d'Os Eoas, un poema épico 'fundacional', en oitavas reais, moi influído por *Os Lusíadas*, sobre a conquista de América realizada polos españois, en paralelo á xesta portuguesa comandada por Vasco da Gama e cantada por Luís de Camões. N'Os Eoas Pondal traballou durante case sesenta anos (polo menos desde 1857 até 1914, ano en que acabou dificultosamente a versión definitiva) e o produto de tantos anos de traballo, de tantos millares de redaccións alternativas, ficou inédito, a pesar das constantes demandas públicas e privadas para a súa publicación, que era esperada na Galiza decimonónica como a grande obra definitiva do poeta. No entanto, Eduardo Pondal morre sen ver publicada a súa epopeia, mais deixándonos unha versión testamentaria do texto que ao longo de tantos anos fora obxecto fundamental da súa tarefa creativa: a construción dun poema fundacional, escrito cunha intención lingüístico-patriótica, segundo declara o poeta no prólogo do poema.

A través de esquemas simples, normalmente binarios (onde se debe salientar a oposición *masculino, férreo, duro, viril... vs. feminino, doce, brande, mólido, muliebre...*), e cunha adxectivación sobria, mais

Желая мое уничтожить имя,  
свое покрыли они позором. [РА 21]

Итак, представляется целесообразным рассматривать пондалианскую семантику или поэтическую *грамматику* как результат восторженной гиперболизированной интерпретации галисийских элементов, не зараженных и не искаженных влиянием враждебных исторических сил и, следовательно, не подмененных и не вытесненных никакой иной культурой-завоевательницей. Лирико-эпическая архитектура пондалианского творчества покоится на трех столпах, разделенных во времени. Это, во-первых, героическое **прошлое**, опирающееся на национальные ценности, восхваление родной природы, символизирующей нерушимое постоянство, монументальную грандиозность галисийских мегалитических сооружений и героев-родоначальников нации. Это кризис **настоящего**, проявляющийся в плачевном состоянии языка, политическом гнете и, как следствие, покорности или безразличии соотечественников. Это, наконец, грезы о **будущем**, которое должно замкнуть круг, вернувшись к историческому прошлому и воссоздать былую славу, необходимую гарантию возрождения.

Помимо лирических стихов Эдуардо Пондаль является также автором «образцовой» эпической поэмы *Эюиды*, написанной королевскими октавами под несомненным влиянием Лузиад, повествующей о завоевании Америки испанцами по примеру воспетого Луисом Камозэнсом подвига португальцев, совершенного ими под командованием Васко да Гамы. Пондаль трудился над *Эюидами* в течение почти шестидесяти лет (во всяком случае, с 1857 по 1914 год, когда была, наконец, завершена работа по созданию окончательного варианта поэмы), но плод стольких лет неустанных усилий, вылившийся в тысячи вариантов правки, оставался неизданным, несмотря на непрекращавшиеся требования его публикации, исходившие как от официальных учреждений, так и от частных лиц. Галисия с нетерпением ждала выхода в свет великого итогового творения своего поэта. Пондаль умер, так и не увидев свою эпопею изданной, но оставив в наследство окончательную версию текста, которому он посвятил столько лет неустанных творческих усилий: текста образцо-

con complexas e demoradas elaboracións poéticas, o conxunto da produción pondaliana caracterízase polo rigor formal e pola coherencia ideolóxica. Co horacionismo creativo que o caracteriza, e sempre cun constante traballo estilístico, a través da permanente corrección dos seus textos, Eduardo Pondal creou unha obra paradigmática, complexa e polivalente, lírica e épica, consagrada á defensa da Galiza que renacía, do pobo galego e da súa lingua, apostrofando aos galegos desertores dos acentos da “doce e cara patria”:

Antes de que caíás en tanta mingua,  
pois que de servos as palabras tedes,  
arrancade da boca a propia lingua  
para que a vosa lingua non manchedes” [PA 4, vv. 15–18].

Rutilantes cultismos tirados do latín e do grego, préstamos do francés e do italiano, así como creativos neoloxismos, xunto cun coñecemento profundo do idioma, permitiron que Pondal alicerzase a lingua literaria moderna sobre o dialecto nativo do seu Bergantiños, nunha obra clásica no seu máis profundo sentido: unha obra que fala para a humanidade, en xeral, e para todos os galegos e galegas, en particular, pasado máis dun século desde que Eduardo Pondal nos legou a súa mensaxe, que nada poderá destruír, tal como afirma o poeta na súa derradeira composición escrita (*A obra do Poeta*) uns meses antes da súa morte:

Eis a obra exhibín, que non o ardente  
raio destruídor, non o desterro,  
non o decreto de tirano urxente,  
non poderán o fogo nin o ferro  
p’ra sempre destruír., nin aparente  
envídia, nin prisión, nin duro encerro,  
nin odio escuro, nin soberbia adusta,  
nin a morte, nin longa edá vetusta. [PA 27]

*Manuel Ferreiro*  
*Universidade da Coruña*

вой поэмы, созданной с лингво-патриотической целью, как заявил сам поэт в прологе к своей поэме.

Простые, обычно бинарные схемы (как правило, оппозиция *мужской, железный, суровый, мужественный... – женский, нежный, мягкий, ласковый, женственный*), скромный набор прилагательных при сложности тщательно проработанных поэтических построений придают творчеству Пондаля формальное совершенство и безупречную идеологическую ясность. Характерное для него творческое усвоение горацианской поэтики, постоянная целенаправленная работа по стилистическому усовершенствованию текста делают воистину парадигматическим, сложным и поливалентным, лирическим и эпическим наследие Эдуардо Пондаля, посвященное защите Галисии, возрождающегося галисийского народа, галисийского языка; в то же время поэт клеймит позором галисийцев, изменивших звукам речи такой «милой и любимой родины»:

Прежде чем, рабское стадо,  
вы речью себя опозорите низкой,  
язык свой вам вырвать надо,  
чтобы не пачкать язык галисийский. [PA 4, vv. 15–18]

Изысканный блеск книжных заимствований из латинского и греческого, лексика французского и итальянского происхождения, яркие неологизмы, глубокое знание галисийского языка — все это позволило Пондалю построить современный литературный язык на основе диалекта его родного округа Бергантиньос и создать поэзию в полном смысле классическую: поэзию, понятную всему человечеству и, в первую очередь, галисийцам и галисийцам, еще и сегодня, когда прошло уже больше века с тех пор, как он обратился к нам со своим посланием, которое ничто не сможет разрушить, о чем уверенно говорит сам поэт в своем последнем стихотворении (*Труд поэта*), созданном за несколько месяцев до смерти:

Теперь у вас в руках мои творенья,  
отныне и огонь их не сожжет,  
тиран декретом не предаст забвенью,  
пусть даже в ссылке он певца сошлет,

## Bibliografía básica

- Carballo Calero, R. (19752): Historia da Literatura Galega Contemporánea (Vigo: Galaxia).
- Ferreiro, M. (1991): Pondal: do dandysmo á loucura (Biografía e correspondéncia) (Santiago de Compostela: Laiovento).
- Ferreiro, M. (20074): De Breogán aos Pinos. O texto do Himno Galego (Santiago de Compostela: Laiovento).
- Forcadela, M. (1995): A Poesía de Eduardo Pondal (Vigo: Ed. do Cumio).
- Méndez Ferrín, X. L. (1984): De Pondal a Novoneyra (Vigo: Xerais).
- Pena, X. R. / Forcadela, M. (2005): Estudos sobre Os Eoas de Eduardo Pondal, (Santiago de Compostela: Sotelo Blanco).
- Pondal, Eduardo (1995): Poesía Galega Completa. Vol. I. Queixumes dos pinos. Edición de Manuel Ferreiro (Santiago de Compostela: Sotelo Blanco).
- Pondal, Eduardo (2001): Poesía Galega Completa. Vol. II. Poemas Impresos. Edición de Manuel Ferreiro, (Santiago de Compostela: Sotelo Blanco).
- Pondal, Eduardo (2002): Poesía Galega Completa. Vol. III. Poemas Manuscritos. Edición de Manuel Ferreiro (Santiago de Compostela: Sotelo Blanco).
- Pondal, Eduardo (2005): Poesía Galega Completa. Vol. IV. Os Eoas. Edición de Manuel Ferreiro (Santiago de Compostela: Sotelo Blanco).
- Queizán, M<sup>a</sup> X. (1998): Misoxinia e Racismo na poesía de Pondal (Santiago de Compostela: Laiovento).



им не страшны ни злоба, ни глумление,  
ни зависть черная, ни эшафот.  
Ничто уже не сможет их стереть, —  
ни старость автора, ни даже его смерть. [РА 27]

**Мануэль Феррейро**  
Университет Ла Коруньи

Перевела Е. Голубева

## Основная библиография

- Carballo Calero, R. (19752): Historia da Literatura Galega Contemporánea (Vigo: Galaxia).
- Ferreiro, M. (1991): Pondal: do dandysmo á loucura (Biografía e correspondéncia) (Santiago de Compostela: Laiovento).
- Ferreiro, M. (20074): De Breogán aos Pinos. O texto do Himno Galego (Santiago de Compostela: Laiovento).
- Forcadela, M. (1995): A Poesía de Eduardo Pondal (Vigo: Ed. do Cumio).
- Méndez Ferrín, X. L. (1984): De Pondal a Novoneyra (Vigo: Xerais).
- Pena, X. R. / Forcadela, M. (2005): Estudos sobre Os Eoas de Eduardo Pondal, (Santiago de Compostela: Sotelo Blanco).
- Pondal, Eduardo (1995): Poesía Galega Completa. Vol. I. Queixumes dos pinos. Edición de Manuel Ferreiro (Santiago de Compostela: Sotelo Blanco).
- Pondal, Eduardo (2001): Poesía Galega Completa. Vol. II. Poemas Impresos. Edición de Manuel Ferreiro, (Santiago de Compostela: Sotelo Blanco).
- Pondal, Eduardo (2002): Poesía Galega Completa. Vol. III. Poemas Manuscritos. Edición de Manuel Ferreiro (Santiago de Compostela: Sotelo Blanco).
- Pondal, Eduardo (2005): Poesía Galega Completa. Vol. IV. Os Eoas. Edición de Manuel Ferreiro (Santiago de Compostela: Sotelo Blanco).
- Queizán, M<sup>a</sup> X. (1998): Misoxinia e Racismo na poesía de Pondal (Santiago de Compostela: Laiovento).